

GAL

# Verán

MUSEO DE PONTEVEDRA

XUÑO • XULLO • AGOSTO 2024



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA

## EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

### *A era das fábulas. A arte e o poder rexenerador da fantasía*

Unha conversa entre as coleccións do Museo de Pontevedra, a Fundación María José Jove e TBA21 Thyssen-Bornemisza Art Contemporary

**Do 10 de xullo ao 29 de setembro**

Unha exposición en tres actos que vincula as coleccións de arte da Fundación María José Jove e de TBA21 Thyssen-Bornemisza Art Contemporary cos fondos artísticos, arqueolóxicos e etnográficos do Museo de Pontevedra.

Baixo os epígrafes “Acto I. Imaxinación-mar”, “Acto II. Transformación-terra” e “Acto III. Renacemento-aire”, mostraranse obras de Maruja Mallo, Vasili Kandinski, Pablo Picasso, Fernand Léger, Joan Miró, Miquel Barceló, Luis Gordillo, Louise Bourgeois, Ernesto Neto, Menchu Lamas, Noa e Lara Castro ou Teresa Solar arredor das narrativas ficcionadas, esenciais para comprender a realidade.

Comisarias: Ángeles Tilve (Museo de Pontevedra), Susana González (Fundación María José Jove) e Chus Martínez (TBA21 Thyssen-Bornemisza Art Contemporary).

**Inauguración:** 10 de xullo, ás 19.30 h

### *Infiltracións I. Mónica Alonso. A pel do Museo*

**Ata o 15 de setembro**

Infiltracións é un proxecto para incorporar discursos contemporáneos ao Museo de Pontevedra coa creación de obras específicas que ofrezan novas lecturas sobre os fondos. Mónica Alonso (A Fonsagrada, 1970) investiga sobre as diferentes cores da pel nas figuras dunha selección de obras expostas.

Comisario: Iñaki Martínez Antelo

### *Pregar a pintura*

**Ata o 21 de xullo**

Una mostra colectiva de estudantes e graduadas na Facultade de Belas Artes de Pontevedra para mergullarse nos modos encartados das pinturas, o desdoblamento do estático cara ao dinámico, do ríxido e bidimensional cara ao flexible e táctil.

En colaboración coa Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo.

Comisario: Carlos Fer

## *Berta Cáccamo. Correspondencias de arquivo*

**Ata o 9 de xuño**

Unha exposición que recolle as aparicións, as diseccións e os bosquejos da pintura de Berta Cáccamo nos seus múltiples rexistros de arquivo. O proxecto supón tamén o traslado e a ordenación do groso do seu arquivo ao seu novo e definitivo destino: o Museo de Pontevedra.

Comisario: Juan de Nieves

## *Castelao: o retorno a Galicia, 1984. Xan Carballa. Fotografías*

**Ata o 2 de xuño**

Mostra que conmemora o corenta aniversario da chegada desde Arxentina dos restos mortais de Castelao. Artéllase arredor da reportaxe fotográfica de Xan Carballa sobre ese momento histórico, un testemuño excepcional dentro da fotografía documental galega de finais do século xx.

Comisario: Xosé Enrique Acuña

PARA PÚBLICO INFANTIL E FAMILIAR

OBRADOIROS DE VERÁN

## Se a Miña Avoa Tivese Rodas, obradoiro de *paste up*

**Do 2 ao 5 de xullo / do 9 ao 12 de xullo, de 11:30 a 13:00 h**

Ata 1910 as mulleres tiñan restrinxido o acceso a estudos superiores. Mediante este obradoiro, impartido polos ilustradores especializados en arte urbana Sofía Venzel e Míchel Casado, as nenas e nenos participantes coñecerán de cerca a loita das mulleres pola igualdade mediante a técnica da colaxe *paste up*.

Dirixido a nenas e nenos de 6 a 12 anos.

Inscrición a partir do 18 de xuño, ás 9:00 h, en [museo.depo.gal](http://museo.depo.gal)

## Álbum de Recordos dunhas Vacacións no Museo

**Do 16 ao 19 de xullo, de 11:30 a 13:00 h**

Tomando como referencia obras expostas no Museo de Pontevedra, as nenas e nenos participantes ilustrarán e decorarán o seu propio álbum de verán. Este obradoiro impartirao a ilustradora Alba Santa.

Dirixido a nenas e nenos de 6 a 12 anos.

Inscripción a partir do 18 de xuño, ás 9:00 h, en [museo.depo.gal](http://museo.depo.gal)

## Creando Personaxes Xogando co Papel, obradoiro de colaxe

**Do 23 ao 26 de xullo, de 11:30 a 13:00 h**

O ilustrador Diego Estebo ensinaralles ás nenas e nenos participantes a crear personaxes que se inspiren nalgunhas das obras expostas no museo e a materializalos mediante a técnica da colaxe.

Dirixido a nenas e nenos de 6 a 12 anos.

Inscripción a partir do 18 de xuño, ás 9:00 h, en [museo.depo.gal](http://museo.depo.gal)

## Art Lab: Creamos... de Fábula

**Do 6 ao 9 de agosto / do 13 ao 16 de agosto, de 11:30 a 13:00 h**

Coa inspiración da exposición *A era das fábulas*, Leucoíña Pasea propón un obradoiro no que as nenas e nenos traballen a imaxinación e a fantasía a través de creacións de Picasso, Maruja Mallo, Joan Miró ou Menchu Lamas, entre outras e outros artistas. Que historias e lendas se poden agochar detrás de cada unha destas obras?

Dirixido a nenas e nenos de 6 a 12 anos.

Inscripción a partir do 18 de xuño, ás 9:00 h, en [museo.depo.gal](http://museo.depo.gal)

## Historia e Creación de Mosaicos

**Do 20 ao 23 de agosto / do 27 ao 30 de agosto, de 11:00 a 13:00 h**

A partir do mosaico coa representación de Baco, presente na exposición *A era das fábulas*, a rapazada aprenderá sobre a rica historia desta arte e creará a súa propia obra. Este obradoiro impartirano Anastasia Ogando e Estefanía Viyella.

Dirixido a nenas e nenos de 6 a 12 anos.

Inscripción a partir do 18 de xuño, ás 9:00 h, en [museo.depo.gal](http://museo.depo.gal)

### OBRADOIROS EN FAMILIA

## Obradoiros: A Era das Fábulas

**6, 13 e 20 de xullo, de 11:30 a 13:00 h**

Percorridos en familia para contemplar a arte como reflexo do tempo no que foi creada e para entender como nos axuda a reflexionar sobre temas contemporáneos: a arte como soporte do ancestral e como mecanismo de comprensión do mundo no que vivimos.

Para nenas e nenos a partir de 6 anos, na compañía dunha persoa adulta responsable.

## PARA TODOS OS PÚBLICOS

### PRESENTACIÓN DE LIBRO

*Los exvotos en Galicia. Su significación en la religiosidad popular.* José Fuentes Alende

**21 de xuño, ás 19:00 h**

Un amplo estudo antropolóxico en dous volumes sobre diferentes tipos de exvotos en Galicia (coma os de cera, as maquetas ou os cadros votivos), a súa historia e antecedentes, e un repaso pola relixiosidade popular en Galicia

### CONCERTOS

Ein deutscher Liederabend, unha tarde de *lieder* alemáns

**26 de xuño, ás 19:00 h**

Ralf Glasz (tenor) e Rasa Biveiniene Jakutyte (piano) interpretan *An die ferne Geliebte*, opus 98, de Ludwig van Beethoven, e *Impromptu*, en si bemol maior, opus 142, núm. 3, e *Die schöne Müllerin*, opus 25, ambas as dúas de Franz Schubert.

Santi Araújo

**29 de xuño, ás 19:00 h**

Araújo presenta *Canciones para bailar*, un álbum que evidencia a súa capacidade para explorar novos rexistros; unha viaxe a través de 14 cancións que van da *bossa nova* e o folk á psicodelia, co característico fraseo do músico e compositor nado en Pontearreas.

Claustro do Edificio Sarmiento.

Reserva de prazas a partir do 18 de xuño, ás 9:00 h, en [reservas.museo@depo.gal](mailto:reservas.museo@depo.gal)

XV Noites de Música Antiga

**5 de xullo, 19:00 h.** *Vestigium*

**12 de xullo, 19:00 h.** *La Bellemont*

**19 de xullo, 19:00 h.** *Ars Longa*

Claustro do Edificio Sarmiento.

Reserva de prazas a partir do 25 de xuño, ás 9:00 h, en [reservas.museo@depo.gal](mailto:reservas.museo@depo.gal)

## CHARLA-CONCERTO

### “Redescubriendo Os Gaiteiros de Soutelo. Homenaxe a Avelino Cachafeiro”. Rubén Troitiño

**27 de xuño, ás 19:00 h**

Un achegamento á rica historia da música galega no que se honra a Avelino Cachafeiro no centenario do seu nomeamento como mellor gaiteiro de Galicia no concurso de gaitas de Santiago de Compostela en 1924, un momento histórico inmortalizado por Castelao nun artigo publicado no xornal *Galicia. Diario de Vigo*.

## SEMINARIOS E CONFERENCIAS

### SEMINARIO

### Arquivos de Artistas. Ferramentas para a Investigación nos Museos

**7 de xuño, de 16:00 a 19:30 h**

Coa participación de Xosé María Álvarez Cáccamo (Legado Berta Cáccamo), Mela Dávila Freire (HFBK Hamburgo), Irene García Chacón (Universidade de Valladolid), Beatriz Herráez (Artium Museoa, Museo de Arte Contemporánea do País Vasco), Javier Hontoria (Patio Herreriano, Museo de Arte Contemporánea Española), Agar Ledo Arias (Museo de Pontevedra), Juan de Nieves (Fundación CNIO, Legado Berta Cáccamo), Manuel Segade (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía), Ángeles Tilve Jar (Museo de Pontevedra) e Eduard Vallès (Museo Nacional de Arte de Cataluña).

### XORNADAS

### Xornada Arredor dun Feito Histórico. O Retorno de Castelao a Galicia, 28 de Xuño de 1984

**28 de xuño, de 16:30 a 20:30 h**

A reconstrución histórica dun acontecemento que xerou emocións e diverxencias, analizado por protagonistas directos que o viviron en primeira liña e que achegarán distintas lecturas desde o xornalismo, a historia contemporánea e a proximidade á familia de Castelao. Con Xan Carballa, Xosé Enrique Acuña, Tareixa Navaza, Javier Baltar e Henrique Monteagudo.

## X Xornadas de Exiptoloxía

- **18 de xullo, ás 19:00 h.** “As mulleres que fixeron posible Amarna”, Teresa Bedman
- **19 de xullo, ás 19:00 h.** “Os últimos descubrimentos e traballos de escavación e restauración da tumba do visir Amen-Hotep Huy”, Francisco Martín-Valentín

### VISITAS GUIADAS

## Á exposición permanente

**Ata o 9 de xuño: domingos e festivos, ás 12.00 h**

**A partir do 15 de xuño: de martes a sábado, ás 12.00 h, e mércores, ás 12.00 e ás 18.00 h**

## Ao convento de Santa Clara

**7 de xuño, ás 18:00 h / 8, 15, 16, 22 e 23 de xuño, ás 11:00 h**

Inscripción a partir do 28 de maio, ás 9:00 h, en [museo.depo.gal](http://museo.depo.gal)

## Á exposición *A era das fábulas. A arte e o poder rexenerador da fantasía*

**Os xoves, ás 18:00 h**

**Toda a programación que se desenvolve nos edificios Castelao e Sarmiento é de acceso libre sen reserva previa, salvo que se indique o contrario.**

[museo.depo.gal](http://museo.depo.gal)

+34 986 804 100 / [educacion.museo@depo.gal](mailto:educacion.museo@depo.gal)



**[museo.depo.gal](http://museo.depo.gal)**

Foto:

*Lanzándose ao mar na punta do morro nas Corbaceiras, 1961.*

Foto Rafa



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA